

Curso de francés. Nivel B2

TIPO: Cuadrimestral

DURACIÓN: 110 horas dividido en dous cuadrimestres de 55 horas cada un:

- 1º cuadrimestre (setembro-décembro) – B2.1
- 2º cuadrimestre (xaneiro-maio) – B2.2

LUGAR: Campus de Vigo

EXAME: realízase un exame de nivel ao finalizar o segundo cuadrimestre

Obxectivos

Adquirir coñecementos intermedios de lingua francesa. Dirixido a persoas con coñecementos previos da lingua.

O obxectivo deste curso é chegar ao nivel B2 nas distintas habilidades do Marco europeo (comprensión oral e escrita e expresión oral e escrita). É a continuidade dun B1 consolidado. Despois deste curso, o alumnado poderá entender as ideas principais de textos e documentos audios complexos e abstractos. Poderá interactuar de maneira espontánea e con soltura con nativos. Poderá escribir un texto claro e detallado sobre temas variados expondo o seu punto de vista.

Como acceder

Nivel B2.1: ter coñecementos elementais da lingua, ter o nivel B1 ou realización de proba de nivel.

Nivel B2.2: ter coñecementos elementais da lingua, ter cursado B2.1 ou realización de proba de nivel

Certificados

CERTIFICADO DE ASISTENCIA: é preciso asistir ao 85 % das clases

CERTIFICADO DE NIVEL: é preciso superar o exame do curso

Prezos por cuadrimestre

Comunidade universitaria (Universidade de Vigo): 215 €

Público en xeral: 260€

Outros datos de interese

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos ECTS ou de libre elección pola Universidade de Vigo.

* Excepcionalmente e por cuestións de calendario, o Centro de Linguas poderá adaptar o número de horas do curso con sesións semipresenciais.